



*Querida familia,*

*O primeiro que nos gustaría facer é darvos a benvida á comunidade educativa da que xa formades parte. Tanto a vosa filla/o coma vós ides experimentar un dos cambios máis significativos na vida do neno/a: o seu ingreso na escola e, polo tanto, o inicio da súa socialización, autonomía e formación da súa identidade, ¡tranquila/o!, aos tres anos xa están preparados/as para todo iso.*

*Pero coma todo cambio necesita dunha adaptación para que resulte exitoso. A nosa tarefa, tanto vosa coma do profesorado, é facilitarlle este cambio no que chamamos período de adaptación.*

*O período de adaptación é considerado coma unha necesidade para que a escola non se converta nunha ameaza á seguridade emocional do neno/a, afectando ao seu desenvolvemento afectivo e, consecuentemente, ao seu desenvolvemento global.*

*O período de adaptación lévase a cabo co obxectivo de graduar o proceso de desprendemento e dar tempo á formación de apegos sen someter ao neno/a á angustia dunha separación. O ingreso en grupos reducidos permite unha interacción máis intensa con cada un/unha por parte da súa mestra/e.*

*Ademais, o voso fillo/a necesita elaborar unha imaxe da escola a partir das experiencias que vai vivindo (espazos novos, persoas descoñecidas e relacións diferentes), pouco a pouco, de aí que sexa improcedente a permanencia na escola, de primeiras, a xornada completa.*

*Todo este proceso non ten porque ser doloroso nin angustiante. Ponse en marcha o período de adaptación para que este proceso sexa vivido da forma máis tranquila e exitosa posible. As pautas que poden axudar ao voso fillo/a na superación deste reto son:*

- Reforzade hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres.*
- Establecede límites, razoables e proporcionados, incluídas normas básicas de comportamento.*
- Establecede regras e ofrece técnicas de resolución de problemas e conflitos entre adulto-neno/a e entre nenos/as.*
- Ensinádelle modos de expresión verbal adecuada, de demandas, emocións e da capacidade de aprazar a súa satisfacción.*
- Presentádelle a escola como algo positivo, agradable, divertido, onde van poder xogar e estar con outros nenos/as.*

*Somos conscientes de que nos entregades o máis valioso que tedes e é normal que vos xurdan medos, preocupacións, angustias, ansiedades, ... pero tedes que saber que a maneira en que vivades este proceso será captada pola vosa filla/o. Se o vivides con problemas, o neno/a vivirao con ansiedade e inseguridade. ¡Tranquilos/as!, os mestres/as tamén entendemos as vosas*

*expectativas, inqedanzas, desexos, ... e, por iso, non dubidedes en preguntar. Mestras/es e familia pasamos a compartir o proceso de desenvolvemento do voso fillo/a.*

*A continuación, mostrámosvos os consellos que facilitarán a adaptación no momento da incorporación:*

- *É conveniente que a vosa filla/o veña acompañada/o, da man, dunha persoa moi vinculada a el/ela. A permanencia da persoa acompañante decidírase en función das necesidades de cada neno/a.*
- *Non vos vaiades sen dicirlllo ao voso fillo/a, é unha estratexia que trae máis problemas ca solucións posto que debilita a confianza e altera a construción dun vínculo de confianza coa escola.*
- *Evitade as negociacións de tipo “se non choras, cando saias mércoche...”, posto que o neno/a, así, está decidindo a súa adaptación e as súas motivacións son subxectivas e inestables. Os nenos/as deben ver que os adultos estamos dispostos a tomar as decisións difíciles por eles/as.*
- *A despedida debe ser firme e rápida, tranquilo/a e serea/o recordándolle ao voso fillo/a que, pasado un tempo, volveredes a por el/ela.*

*Non todos as nenas/os teñen a mesma resposta ás primeiras veces que entran na escola. Algúns nenos/as poden aferrarse a un material (como apoio afectivo), agarrarse con forza á persoa familiar cando chega o momento da separación, agresións, choros, manterse quieto/a nun espazo, vómitos, ... ou, pola contra, entrar na escola con ganas de explorar, establecendo relación rapidamente coa mestra. Esta última reacción, ás veces, é interpretada negativamente pola familia quen entende que o neno/a no os quere suficiente.*

*Na casa, tamén podedes notar alteracións no comportamento, no sono, a alimentación, regresións condutuais a etapas xa superadas (como a perda do control de esfínteres), alteracións na linguaxe. Non vos preocupedes, son reaccións normais, naturais e transitorias, aínda que deben terse en consideración.*

*Este período non ten unha duración fixa nos nenos/as, por iso é importante respectar o ritmo individual e non intentar forzar nin acelerar o proceso, tampouco establecer comparacións, entendemos a cada neno/a coma unha persoa única e diferente.*

*Como recursos nos que vos podedes apoiar, existen algúns contos que teñen como tema principal a entrada na escola. Para os nenos/as, podedes adquirir en librarías ou bibliotecas (tamén na do cole) os seguintes títulos:*

- *Zorrillo va al cole (Ed. Bruño)*
- *¡Buenos días! (Ed. Timun Mas)*
- *¡Pronto iré a la escuela! (Ed. Juventud)*
- *¡Adiós, pañal! ¡Hola, orinal! (Ed. Bruño)*

*Para vós, que tamén ides pasar por unha nova etapa, consideramos que é de grande axuda:*

- *¡NO QUIERO IR AL COLE! Con consejos para superar los retos de la infancia (Ed. Laberinto).*